

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, cal das seguintes opcións é correcta?:**

- A) Só co consentimento expreso e por escrito do afectado poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas. Exceptúanse os ficheiros mantidos polos partidos políticos, sindicatos, igrexas, confesións ou comunidades relixiosas e asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, cuxa finalidade sexa política, filosófica, relixiosa ou sindical, en canto aos datos relativos aos seus asociados ou membros, sen prexuízo de que a cesión dos ditos datos precisará sempre o previo consentimento do afectado.
- B) Os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recollidos, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente.
- C) Quedan prohibidos os ficheiros creados coa finalidade exclusiva de almacenar datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión, crenzas, orixe racial ou étnico, ou vida sexual.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**2. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é falsa?:**

- A) Unha lei de Galicia, para cuxa aprobación se requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do seu Parlamento, fixará a sede das Instituciones autonómicas.
- B) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior dereito ata o inferior esquerdo.
- C) Os membros do Parlamento de Galicia non poderán, durante o seu mandato, ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia senón en caso de flagrante delito.
- D) As opcións b) e c) son respostas falsas porque ambas as dúas non se axustan ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia.

**3. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os postos de xefatura e coordinación, cal é a opción correcta?:**

- A) O persoal licenciado sanitario cesado nun posto de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade incorporárase en todo caso a unha praza da mesma categoría e especialidade da institución do destino orixinario.
- B) Os aspirantes a postos non básicos de persoal diplomado sanitario deberán acreditar un mínimo de tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde e os postos de coordinación das unidades ou servizos de atención primaria deberán ser cubertos, en todo caso, por un profesional adscrito aos mesmos.
- C) O persoal que cese nun posto de xefatura provisto polo sistema de libre designación ou por concurso de méritos quedará a disposición do xerente da institución, que lle atribuirá o desenvolvemento provisional, en tanto no obteña outro con carácter definitivo, dun posto correspondente a súa categoría profesional, dentro da mesma localidade, e non inferior en máis dun nivel ao do seu grao persoal consolidado.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

**4. Cal das seguintes opcións é correcta respecto á Constitución Española de 1978?:**

- A) A Constitución garante a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.
- B) O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
- C) A extradición só se concederá en cumprimento dun tratado ou da lei, atendendo ao principio de reciprocidade. Quedan excluídos da extradición os delitos políticos, non considerándose como tales os actos de terrorismo.
- D) Todas as afirmaciones anteriores son correctas.

**5. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) Os alcaldes teñen a condición de autoridade sanitaria.
- B) Correspóndelle ao Estado regular a organización, funcións e asignación de medios materiais e persoais de cada un dos servizos de saúde.
- C) No que respecta á facultade de elección de médico de atención primaria, nos núcleos de poboación de máis de 300.000 habitantes poderase elixir no conxunto da cidade.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**6. Cal das seguintes opcións non se axusta ao disposto expresamente na Constitución Española de 1978?:**

- A) Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos o degradantes, quedando a pena de morte abolida en todo caso.
- B) A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, roxa, amarela e roxa, sendo a amarela de dobre anchura que cada unha das roxas.
- C) O Estado poderá concertar tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tivesen ou teñan unha particular vinculación con España. Nestes mesmos países, aínda cando non recoñezan aos seus cidadáns un dereito recíproco, poderán naturalizarse os españois sen perder a súa nacionalidade de orixe.
- D) As opcións a) e c) anteriores.

**7. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:**

- A) O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.
- B) Esta vixilancia só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento, agás en determinadas excepcións.
- C) En todo caso deberase optar pola realización de aqueles recoñecementos ou probas que causen as menores molestias ao traballador e que sexan proporcionais ao risco.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**8. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes afirmacións é falsa?:**

- A) A aprobación da ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia correspóndelle á Consellería de Sanidade.
- B) O ámbito xeográfico de cada unha das áreas sanitarias determinarase por decreto do Consello da Xunta a proposta da Consellería de Sanidade.
- C) O nomeamento e cesamento do persoal directivo da Consellería de Sanidade e os dos entes, organismos e/ou instrumentos de xestión a ela adscritos, correspóndelle á Consellería de Sanidade.
- D) O nomeamento e o cesamento dos altos cargos da Administración pública sanitaria da Xunta de Galicia correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia.

**9. Con respecto a súa regulación no Estatuto Marco, cal das seguintes afirmacións é falsa?:**

- A) Con carácter xeral, o reingreso ao servizo activo será posible en calquera servizo de saúde a través dos procedementos de mobilidade voluntaria aos que se refire esta lei.
- B) O tempo mínimo de permanencia na situación de excedencia voluntaria por interese particular será de dous anos.
- C) Durante a excedencia voluntaria por interese particular non se devindicarán retribucións, nin lle será computable o tempo que permaneza en tal situación para os efectos da carreira profesional pero si para trienios.
- D) O persoal declarado en situación de suspensión firme quedará privado durante o tempo de permanencia na mesma do exercicio das súas funcións e de todos os dereitos inherentes a súa condición e determinará a perda do posto de traballo cando exceda de seis meses.

**10. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que situación das seguintes dá dereito ao cómputo de tempo para os efectos da antigüidade e carreira, no seu caso, á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe?**

- A) Acceso á praza de formación sanitaria especializada.
- B) Acceso a posto directivo das organizacións internacionais.
- C) Acceso a posto directivo das Administracións públicas.
- D) Todas as anteriores son correctas.

**1. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre as comisións de servizo, cal é a opción correcta?:**

- A) Por necesidades do servizo, e cando unha praza ou posto de traballo se encontre vacante ou temporalmente desatendido, poderá ser cuberto en comisión de servizos, con carácter temporal, por persoal fixo da correspondente categoría e especialidade. Neste suposto, o interesado percibirá as retribucións correspondentes á praza ou posto efectivamente desenvolvido, salvo nas comisións de servizo de carácter forzoso nas que, se as retribucións son inferiores ás que correspondan pola praza de orixe, percibiranse estas.
- B) O persoal fixo poderá ser destinado en comisión de servizos, con carácter temporal, ao desenvolvemento de funcións especiais non adscritas a unha determinada praza ou posto de traballo. Neste suposto, o interesado percibirá as retribucións da súa praza ou posto de orixe.
- C) Quen se encontre en comisión de servizos terá dereito, en todo caso, á reserva da súa praza ou posto de traballo.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**2. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) Ao persoal estatutario temporal seralle aplicable, en todo caso, o réxime xeral do persoal estatutario fixo.
- B) O importe anual do complemento de destino aboarase en 12 pagas.
- C) O complemento de destino non é unha retribución complementaria porque forma parte das pagas extraordinarias.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.